

AXENDA



Prezada comunidade:

Despois dunha semana de interrupción no envío da nosa newsletter por mor das esixencias do traballo interno no noso Centro, volvemos con toda a actualidade e informacións de interese para o ecosistema investigador en Ciencias Sociais.

>>> **SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN CON GHASEM ZAEFARIAN, UNIVERSITY OF LEEDS**

MARTES
18/06
12:00 H

“UNPACKING WHEN AND HOW CUSTOMER INVOLVEMENT AFFECTS SUPPLIER NEW PRODUCT PERFORMANCE”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Aula 156.
- ONLINE: a través de Microsoft TEAMS.



Imprescindible formalizar REXISTRO PREVIO AQUÍ

>>> **10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS**

10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics
PROGRAM



ECOBAS é unha das entidades colaboradoras da décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for Energy, co apoio de EAERE, o grupo REDE e a Universidade de Vigo.

No transcurso das xornadas, dende a nosa canle de YouTube ofrecemos a retransmisión en streaming das keynote sessions desta reunión científica dos principais expertos mundiais en economía enerxética:

XOVES
20/06
14:30 H



Mirabelle Muûls (Imperial College):

“Regulatory carbon markets, drivers of decarbonisation? Their impacts on firms’ decisions”

Retransmisión en aberto a través da canle de ECOBAS en YT

VENRES
21/06
10:30 H



Robert D. Metcalfe (U. Southern California):

“A welfare analysis of policies impacting climate change”

** Dacordo coa solicitude expresa de confidencialidade do relator, ECOBAS ofrecerá esta conferencia só mediante acceso restrinxido baixo petición previa a ecobas@ecobas.gal (imprescindible facilitar o enderezo de correo electrónico para login na plataforma).

AXENDA



>>> EVENTO DE PRESENTACIÓN DA CÁTEDRA DE ECONOMÍA DA CIBERSEGURIDADE USC-INCIBE E O PROXECTO ESTRATÉXICO CIBER-ECO

VENRES
21/06
12.30 H

O director do Instituto Nacional de Ciberseguridad - INCIBE, Félix Barrio, acudirá o vindeiro venres á Facultade de CC. EE. da USC para participar nun acto público xunto coa investigadora de ECOBAS **María Bastida** e a directora científica do noso Centro, **María Loureiro**, con motivo da presentación de dúas importantes iniciativas que a USC ten en marcha no eido da Economía da Ciberseguridade.

O acto contará ademais coa presenza da Vicerreitora de Política Científica da USC e membro do Consello Reitor de ECOBAS, **Pilar Bermejo Barrera**.

ACTO DE PRESENTACIÓN

- **Cátedra de Economía da Ciberseguridade USC-INCIBE**
- Proxecto estratéxico **CIBER-ECO: Economía da Ciberseguridade nun contexto de Cambio Climático.**



** **ECOBAS Academy** ofrecerá **en directo a retransmisión do evento** a través da plataforma Microsoft Teams:

Imprescindible a inscripción previa
AQUÍ



Presentación da Cátedra de Economía da Ciberseguridade USC-INCIBE e do proxecto estratéxico CIBER-ECO: economía da ciberseguridade nun contexto de cambio climático"

Detalles

Convidámosvos a asistir ao evento de presentación que terá lugar no Salón de Graos da Facultade de CC. EE. da USC no que tomarán parte a profesora e investigadora de ECOBAS María Bastida, codirectora da Cátedra de Economía da Ciberseguridade USC-INCIBE e a directora científica de ECOBAS, María Loureiro, directora do proxecto estratéxico CIBER-ECO: economía da ciberseguridade nun contexto de cambio climático.

Detalles

- vie, 21 jun
- 12:30 - 13:30 CEST
- En línea

Registrar

AXENDA



>>> XORNADA SOBRE COMUNIDADES ENERXÉTICAS LOCAIS

XOVES
20/06
9.30 a 18 H

[Consultar programa completo](#)

A Facultade de Dereito da USC acolle esta xornada para analizar a incidencia que pode ter sobre o proceso de transición enerxética nas entidades locais a promoción dos beneficios económicos e sociais dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Ademais da coordinación da xornada, a investigadora de ECOBAS **Celia López Penabaz** se encarga nesta sesión da moderación da mesa “Análise do marco xurídico e económico do autoconsumo de enerxía procedente de fontes renovables no ámbito local e das comunidades enerxéticas locais”.



>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: JAIME FERNANDES TEIXEIRA

XOVES
27/06
12:00 H

“EARNINGS MANAGEMENT AND CORPORATE GOVERNANCE: INSIGHTS FROM PORTUGUESE UNLISTED SMES”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Aula 156.
- ONLINE: a través de Microsoft TEAMS.

Imprescindible formalizar [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)



>>> CURSO DE VERÁN NA CÁTEDRA GREENALIA-UDC

XOVES
27/06
16:30 H

“Desafíos das políticas climáticas na transición enerxética” é o título da conferencia que o director adxunto de ECOBAS **Xavier Labandeira** impartirá no curso de verán da Cátedra Greenalia-UDC titulado “Os desafíos da transición enerxética desde as perspectivas climática, política, tecnolóxica, xeoestratéxica, profesional e empresarial”.

- Actividade presencial. Facultade de Economía e Empresa da UDC.
- 24 horas lectivas. Do 25 ao 28 de xuño.
- Matrícula aberta. [Detalle do programa e xestión online da matrícula a través da páxina da UDC.](#)

>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN CON MIGUEL R. MÉNDEZ, MEMBRO PERMANENTE DE ECOBAS

VENRES
28/06
12:00 H

“COMO SERÁ O SISTEMA ENERXÉTICO ESPAÑOL DESCARBONIZADO NO 2050?”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Aula 156.
- ONLINE: a través de Microsoft TEAMS.

Imprescindible formalizar [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)



AXENDA



>>> “A ECONOMÍA PRATEADA: PRINCIPAIS SEGMENTOS E CARACTERÍSTICAS DOS ADULTOS MAIORES”

16 DE XULLO
16:30 H

A investigadora de ECOBAS **Isabel Neira** impartirá esta sesión no marco do curso de verán titulado “Envellecer na diversidade: identidade de xénero, ruralidade, situación de discapacidade, estatus socio-económico e inmigración” que organiza a Cátedra Cruz Roja-USC.

- Actividade presencial. Centro socio-cultural O Vello Cárcere (Pz. da Constitución, s/n LUGO).
- Do 15 ao 18 de xullo.
- Matrícula aberta ata o 5 de xullo.

>>> ECOBAS SUMMER SCHOOL: “RIDING THE DID REVOLUTION”

16 e 17 XULLO

O deseño deste curso intensivo que propoñemos para profundizar na ferramenta coñecida como “Difference-in-Differences” (DiD) se asenta en tres piares: comprensión conceptual, avaliación crítica e aplicación práctica. Ao final do curso, o alumnado acadará un sólido coñecemento do deseño de investigación DiD e poderá aplicalo aos seus propios proxectos de investigación. Moi pronto, todos os detalles!!



SAVE THE DATE!!!

>>> XORNADA “CONTRATACIÓN PÚBLICA ESTRATÉXICA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS: RECOMENDACIÓN E BOAS PRÁCTICAS”



23 e 24 SETEMBRO

En colaboración coa UDC e FEGAMP, o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas** organiza a II Xornada Economía Circular Local (ECIL) co obxectivo de analizar a realidade da contratación pública da xestión dos residuos municipais, concretamente os contratos de recollida e transporte de residuos e os de tratamento.



Analizaranse os elementos e riscos xurídicos a ter en conta nos procesos de preparación contractual para levar a cabo unha xestión estratéxica destes contratos, de acordo cos obxectivos da política comunitaria de economía circular e a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e a súa normativa de desenvolvemento vixente e en proceso de aprobación (envases e residuos de envases, pilas e acumuladores, aparellos eléctricos e electrónicos, desperdicio alimentario, téxtil, mobles e enseres, etcétera).

- Actividade presencial. Salón de Actos do Cersia. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol. Santiago de Compostela ([Ver ubicación](#))
- Destinatarios: responsables políticos, técnicos municipais e profesionais vinculados á xestión de residuos municipais; estudantes de grao e público xeral.
- [Ligazón ao formulario de inscrición](#)

**PRODUCCIÓN
CIENTÍFICA**



>>> **NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL ECOBAS**

Carballo-Penela, A., Ruzo-Sanmartín, E., García-Chas, R., & Troilo, F. (2024)

Does sustainable recruitment enhance motivation? A cross-country analysis on the role of person-organization fit. Sustainable Development

SUSTAINABLE DEVELOPMENT

Neste artigo analízase en que medida a aplicación de prácticas de recrutamento sostibles (PRS) contribúen á motivación dos empregados. Tamén examinamos o grao en que as dimensións de colectivismo e masculinidade da cultura nacional moderan a relación entre as PRS e o axuste persoa organización. As relacións propostas foron testadas nunha mostra de 534 futuros empregados de catro países, utilizando un deseño experimental.

Os resultados obtidos poñen de relevo que as PRS contribúen a motivar o persoal só cando os valores dos empregados coinciden cos valores transmitidos nas PRS. O colectivismo e a masculinidade moderan a relación entre a PRS e o axuste persoa organización.

Loureiro, M. & Alló, M. (2024)

Análisis de la evolución del sentimiento hacia el cambio climático en España

FUNCAS

Este estudo suliña a importancia de analizar a información das redes sociais para entender a percepción social en tempo real (nowcasting) sobre o cambio climático, empregando técnicas de procesamento de linguaxe natural. Dacordo á análise de tuits recollidos entre 2019-2022 en España, os resultados amosan un pico de preocupación climática nos meses posteriores ao levantamento do primeiro confinamiento en 2020, seguido dunha leve melloría, aínda que por debaixo dos niveis pre-COVID-19. Sen embargo, durante o período máis extremo da crise da COVID-19, os datos demostran que a preocupación polo cambio climático se relaxa, mostrando evidencia en favor da "hipótese da existencia dunha reserva de preocupacións finita" (Weber, 2006). En resumo, estes resultados poñen de manifesto o aumento da preocupación pola cuestión climática en España no período avaliado, a pesar da gran incidencia da crise sanitaria da COVID-19.

>>> **ECOBAS SUMMER SCHOOL: "RIDING THE DID REVOLUTION"**

**16 e 17
XULLO**

O deseño deste curso intensivo que propoñemos para profundizar na ferramenta coñecida como "Difference-in-Differences" (DiD) se asenta en tres piares: comprensión conceptual, avaliación crítica e aplicación práctica. Ao final do curso, o alumnado acadará un sólido coñecemento do deseño de investigación DiD e poderá aplicalo aos seus propios proxectos de investigación. Moi pronto, todos os detalles!!



SAVE THE DATE!!!

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> ESTADÍAS PREDOUTORAIS EN ECOBAS

Co investigador garante de ECOBAS **Xosé H. Vázquez** como anfitrión, o vindeiro luns comeza a estadía dunha semana da estudante predoutoral procedente da Universidade de Murcia:



JINGYUE MAI

Estudante de doutoramento na Universidad de Murcia, Jingyue compatibiliza a súa tarefa predoutoral co traballo na empresa NEWGARDEN SPAIN SL. Graduada pola Universidad Normal del Noreste (Jilin) e a Universidad Nacional de Educación de Taichung (Taiwán) e tras un periodo de 5 anos traballando en China, en 2023 cursou o seu postgrao en ENAE en Murcia. A súa principal liña de investigación se centra na intelixencia artificial aplicada á xestión de recursos humanos.

>>> ECONOMÍA SOCIAL E TRANSICIÓN SOCIAL E ENERXÉTICA




Este foi o título da conferencia impartida esta mañá pola directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**, no curso de verán RESILENCIA NO SUR GLOBAL ANTE A EMERXENCIA CLIMÁTICA: XUSTIZA CLIMÁTICA E INFANCIA organizado pola USC e Manos Unidas e que se desenvolve dende hoxe e ata o 20 de xuño na Facultade de Filosofía.

>>> RETOS E SOLUCIÓNS RELACIONAIS



En sesión de traballo con Rosa Carril, Directora Xeral de Grupo Aluman e Antonio Puente, Director Xeral de Adolfo Domínguez, entre outras persoas directivas de empresa, a coordinadora da área de Transferencia, **Isabel Neira**, participou o pasado xoves neste encontro organizado polo Instituto Relacional para presentar e afondar nas capacidades de colaboración que pode ofrecer ECOBAS no plantexamento de solucións dos complexos retos empresariais.



»»» **THE MSCA DOCTORAL NETWORKS 2024 CALL IS OPEN** 



Next Postdoctoral Fellowships 2024 call: 6 steps to prepare your application

- 160 excellent doctoral programmes
- Skills & careers of 2400 PhD candidates
- Apply by 27/11

»»» **ISPGAYA INTERNATIONAL CONGRESS 2024 - BUSINESS SUSTAINABILITY: INNOVATION IN ENTREPRENEURSHIP AND INTERNATIONALISATION**

O investigador de ECOBAS **Miguel G. Loureiro** forma parte do comité científico da terceira edición deste Congreso, que terá lugar en Vilanova de Gaia os días 24 e 25 de outubro de 2024.



- Call for papers: ata o 31 de maio 2024
- [Web oficial do congreso](#)

»»» **INTERNATIONAL BUSINESS IN A DIGITAL WORLD: CHALLENGES AND OPPORTUNITIES**



A Universidade de Évora organiza a **19th Iberian International Business Conference** os días 11 e 12 de outubro de 2024. Intelixencia artificial, ciberseguridade e a soberanía dos datos serán os eixos temáticos fundamentais deste congreso sobre transformación e oportunidades na internacionalización dos negocios.

- Call for papers: ata o 15 de xullo 2024
- [Máis información na web do congreso](#)

»»» **RECURSOS PARA A BÚSQUEDA DE OPORTUNIDADES DE TRANSFERENCIA**

- [Plataforma-buscador CONTRATOS PÚBLICOS DE GALICIA](#)
- [Plataforma de CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO - Gobierno de España](#)
- [TED - website for business opportunities with #PublicProcurement in the EU](#)

MÁIS COMUNIDADE



>>> OBRADOIRO PARA PERSOAL INVESTIGADOR: COMUNICAR CIENCIA NA RADIO



O programa Efervescencia que se emite na Radio Galega, e producido pola USC, organiza unha nova edición do obradoiro para investigadores titulado "Comunicar ciencia na radio".

- Actividade presencial. Estudos da radio da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.
- Consulta o programa completo do obradoiro en efervescencia.org
- Inscripción gratuita: efervescencia@gmail.com

>>> GCiencia: PREMIOS GALICIA SPIN-OFF



O portal GCiencia convoca a oitava edición dos Premios Galicia Spin-Off, galardóns que se conceden ás iniciativas empresariais máis innovadoras xurdidas dende calquera das tres universidades do SUG.

O certame establece tres categorías: "Selo de calidade", "Idea emerxente" e "Grupos de Investigación". As empresas e grupos de investigación interesados en participar nas categorías Idea Emerxente e Grupo de Investigación poderán enviar a súa candidatura ata o 31 de xullo á dirección de correo electrónico spinoffgalicia@gmail.com

- Máis información e ligazón ás bases do premio na páxina web de GCiencia



>>> ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS

Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais:

<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

